



Workshop sobre Teledetección Próxima Terrestre para Aplicacións Forestais

Lugo 1, 2 e 3 de setembro de 2021

O uso de información capturada mediante sensores remotos tense establecido como unha das técnicas de referencia para a caracterización e monitorización do estado dos bosques a múltiples escalas. A forte evolución sufrida por estas tecnoloxías durante os últimos anos supuxo un aumento da resolución espacial e temporal, permitindo o seu uso en aplicacións con cada vez maior nivel de detalle e a un menor custo. Un exemplo disto son as técnicas de teledetección próxima terrestre, onde a captura de información do sensor realízase dende o chan e a unhas distancias reducidas en relación ao tamaño dos obxectos a caracterizar. Na actualidade, as técnicas de teledetección afastada (aéreo transportadas e satelitais) gozan dun elevado grao de desenvolvemento que permite o seu uso operativo en numerosas aplicacións forestais. Con todo, as técnicas terrestres atópanse nun estado de desenvolvemento mais incipiente, o que limita nalgúns casos o seu uso operativo e aumenta o interese e a relevancia científica dos resultados e experiencias con estas técnicas para o uso forestal.

O *Workshop sobre Teledetección Próxima Terrestre para Aplicacións Forestais* ten como obxectivo expoñer os principais avances científico-técnicos destas tecnoloxías para aplicacións forestais. Atópanse dentro do ámbito deste “workshop” as técnicas baseadas en sensores láser escáner terrestre (TLS) e de localización simultánea e mapeo (SLAM), así coma dispositivos ópticos, térmicos e doutro tipo nos que a captura de datos se realice a nivel do chan.

INFORMACIÓN SOBRE O WORKSHOP

O “workshop” terá lugar na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (EPSE) de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela os días 1, 2 e 3 de setembro de 2021, e constará de sesións científico-técnicas nas que os participantes presentarán as súas contribucións mediante presentacións orais ou pósteres. Estas sesións celebraranse en horario de mañá cun formato híbrido presencial-telemático. En horario de tarde realizaranse sesións prácticas de toma de datos en campo e de procesado e análise dos mesmos no ordenador con distintas tecnoloxías (ForEstereo, TLS, LiDAR SLAM e Fotogrametría Terrestre Próxima). Estas sesións serán preferiblemente presenciais, e estarán limitadas a un número de participantes que dependerá das limitacións de aforo que, no momento da súa realización, determinen as Autoridades Sanitarias. No “workshop” participarán ademais os principais fabricantes de dispositivos de tecnoloxías de teledetección próxima con potencial para o seu uso en aplicacións forestais mediante presentacións e talleres prácticos.

Como plan de continxencia ante eventuais situacións que limiten a presenza derivadas da pandemia pola COVID-19, no caso de ser necesario, contemplanse a posibilidade de que todas as actividades sexan realizadas de forma telemática.



Teledetección Próxima Terrestre para Aplicaciones Forestales

Lugo - 1, 2 y 3 de septiembre de 2021

PRESENTACIÓN DE COMUNICACIONES

A proposta de comunicacións realizarase mediante o envío dun resumo ao enderezo de correo workshop.teledeteccion.proxima@usc.es para a súa revisión polo Comité Científico. Os interesados empregarán para isto o modelo preparado con esa finalidade, e que se pode obter baixo solicitude no mesmo enderezo de correo electrónico de envío de propostas. As datas previstas para a recepción e avaliación das comunicacións son as seguintes:

- 30 xuño 2021 – Data límite para presentación de aportacións.
- 7 xullo 2021 – Data límite para comunicación de aceptación das aportacións.

As comunicacións poderán ser en formato presentación oral ou póster, e incluíranse nun libro de resumos que estará a disposición dos participantes tras finalizar o “workshop”. Para as comunicacións aceptadas como presentación oral deberase elaborar un resumo gráfico que se incluírá, xunto cos pósteres, no libro de resumos.

INSCRICIÓN PARA ASISTENTES

A inscrición ás xornadas será de balde e é obrigatoria para todos os participantes, independentemente de que asistan en formato presencial ou telemático, ou de que participen cunha comunicación ou de oíntes. Debido ás limitacións para a presenza derivadas da COVID-19 establecidas polas Autoridades Sanitarias, e aos eventuais cambios sobre as mesmas que puideran producirse nas datas da realización do evento, a reserva de praza para a asistencia ás partes presenciais do “workshop” realizarase por orde de inscrición. A inscrición para as actividades presenciais dos relatores de comunicacións orais e pósteres estará garantida.

O proceso de inscrición para os asistentes abrirase o 7 de xullo de 2021 e consistirá no envío dun correo electrónico ao enderezo workshop.teledeteccion.proxima@usc.es manifestando o seu interese na participación (tanto presencial coma telemática), e ao cumprimento dun formulario que se fará chegar aos interesados. Os interesados recibirán un correo coa confirmación da praza.

No caso de ter que reducir aforo por situacións sobrevidas de índole sanitaria, e sempre que esta redución supoña limitar o acceso ás actividades presenciais a algún dos asistentes aos que xa lles fora comunicada a confirmación de praza, a orde de prioridade a seguir será a seguinte: 1) relatores de comunicacións (presentacións orais e pósteres); 2) asistentes non relatores que contraeran gastos non-reembolsables derivados da asistencia ao “workshop”; 3) estudantes de doutoramento; 4) alumnos e egresados de titulacións forestais e do medio natural, xeomática, agronomía, bioloxía e outras titulacións vinculadas coa temática do “workshop”; 5) outros interesados.